



LabSOYLC-USC



“Estudo clínico para deter o desenvolvemento da miopía en nenos”



O Laboratorio de Investigación en Superficie Ocular e Lentes de Contacto (LabSOYLC) da Facultade de Óptica e Optometría da Universidade de Santiago participará nun estudo clínico que ten como obxectivo determinar a eficacia dun dispositivo médico para reducir

a progresión da miopía. O proxecto está en fase de recrutamento e está dirixido a nenos con miopía de entre 7 e 14 anos.

Case o 50% dos menores de 35 anos en Europa son miopes. E aínda que pensamos na miopía infantil como unha simple condición do desenvolvemento, pode provocar graves problemas de visión na idade adulta como o desprendemento de retina ou a retinopatía do miope, que se atopan entre as causas máis frecuentes e conducen a unha perda irreversible da visión. Os estudos epidemiolóxicos máis recentes apuntan a un aumento significativo da incidencia da miopía nas xeracións máis novas que tamén presentan valores de miopía cada vez máis elevados.

A miopía pode aparecer a diferentes idades, pero pode alcanzar valores máis altos canto antes se manifesta nos nenos, aumentando máis rapidamente entre os 7 e os 14 anos. Precisamente cando a miopía aumenta por riba das 5 ou 6 dioptrías esta anomalía da visión se fai máis problemática xa que se asocia con alteracións máis graves que poden comprometer a visión levando definitivamente á cegueira. É por iso que a miopía converteuse nun

obxectivo prioritario para a Organización Mundial da Saúde.

Actualmente, existen tratamentos prometedores que reducen significativamente o aumento da miopía. Trátase, ata a data, do maior estudo clínico en Galicia, e que ten como obxectivo avaliar a eficacia dun destes novos tratamentos en máis de 150 nenos.

Este estudo está promovido polo LabSOYLC da USC e o Servizo de Oftalmoloxía do Hospital Provincial de Conxo.

Así que agora xa sabes, se tes entre 7 e 14 anos e es miope polo menos de $-0,75D$, se queres intentar deter o desenvolvemento da túa miopía, participa neste estudo clínico no que se estudan diferentes estratexias con fármacos e lentes de contacto.

Contacto:

Profesor Dr. Javier González Pérez

javier.gonzalez@usc.es

Tel1: 881813537

Tel2: 881813614